



Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgasas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027
www.cerdido.es correo@cerdido.es

exp. 2021/G010/000008

ACTA Nº 2021/8 SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN - PRESENCIAL, VENRES 19 DE NOVEMBRO DE 2021 -

No día de hoxe, ás 14:36 horas, baixo a presidencia do alcalde, reúnen os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia da secretaria, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, Sesión Extraordinaria do Pleno da Corporación.

PRESIDE: Benigno Galego Castro

ASISTEN: Cándido Eusebio Prieto Lago, Marina Tojeiro Martínez, Maria-Amalia Díaz Rodríguez, Alberto Javier Rey Paz, David Prada Aneiros e Patricia Santalla Pérez

SECRETARIA – INTERVENTORA: M^a Yolanda Ares Bao

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que o alcalde, como Presidente, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na

ORDE DO DÍA

1. RENOVACIÓN TOTAL DE LAS INSTALACIONES DE ALUMBRADO EXTERIOR MUNICIPAL DEL CONCELLO DE CERDIDO (A CORUÑA)


<<PROPUESTA DE ACUERDO

Vista la memoria técnica complementaria-plan director de alumbrado público del Ayuntamiento de Cerdido. La actuación de reformado del alumbrado del municipio de Cerdido está cofinanciado con cargo al Programa de subvenciones a proyectos singulares de entidades locales que favorezcan el paso a una economía baja en carbono en el marco del programa operativo FEDER de crecimiento sostenible 2014-2020, con una aportación del 80%, y de un valor total de 606.000,67 € (IVA incluido).

Vista la providencia de Alcaldía de 09/11/2021, de inicio del correspondiente procedimiento de contratación.

Vistos los pliegos de cláusulas administrativas y de prescripciones técnicas para la licitación del contrato mixto de mejora y renovación del alumbrado público exterior del término municipal de Cerdido, mediante procedimiento abierto, varios criterios de adjudicación, tramitación ordinaria (expdte 2021/C005/000001).

Vista la Memoria justificativa firmada por la Alcaldía y relativa a, entre otros aspectos, las necesidades a satisfacer y la no división en lotes del contrato al considerar lo siguiente:



Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027
www.cerdido.es correo@cerdido.es

exp. 2021/G010/000008

“Dada la cuantía del objeto y tipo de proyecto que se ejecutará se entiende que el desglose del presupuesto en varios lotes dificultaría la ejecución de estas desde el punto de vista técnico, al solaparse en las necesidades de cada una de las acciones a realizar, y no teniendo alguna de estas acciones, entidad suficiente para separarlo del resto. En este sentido, se considera que el loteo podría dificultar la ejecución normal del mismo.

Por todo lo expuesto, es por lo que no se procede a la división en lotes del objeto del presente Contrato.”

Visto el informe de secretaría e intervención de fecha 16/11/2021.

Visto el informe de crédito de la Intervención municipal de fecha 11/11/2021.

Después de examinar la documentación allegada, de conformidad con lo establecido en el art. 116 y en la disposición adicional segunda de la Ley 9/2017, de Contratos del Sector Público,

En base a lo anterior, se eleva al Pleno la siguiente propuesta de **ACUERDO**:

PRIMERO: Aprobar el expediente de contratación, mediante procedimiento abierto, varios criterios de adjudicación, tramitación ordinaria, para la licitación del contrato mixto de mejora y renovación del alumbrado público exterior del término municipal de Cerdido (expdte 2021/C005/000001), por el precio de 485.805,00 € más el IVA del 21% por importe de 102.019,05 €, lo que da una cantidad total de 587.824,05 € y con un valor estimado de 485.805,00 €.

SEGUNDO: Aprobar la no división en lotes del presente contrato, por las consideraciones expuestas en la Memoria Justificativa que consta en el expediente y las consideraciones plasmadas en el propio Pliego de Cláusulas Administrativas Particulares.

TERCERO: Aprobar los correspondientes pliegos de cláusulas administrativas particulares y de prescripciones técnicas que regirán el contrato y el proceso de adjudicación.

CUARTO: Autorizar con cargo a la partida presupuestaria 165.61900 del presupuesto municipal del ejercicio 2021, el gasto que para este Ayuntamiento representa dicha contratación.

QUINTO: Publicar el corresponde anuncio en la Plataforma de Contratos del Sector Público y en el Diario Oficial de la Unión Europea.


Cerdido, 16 de noviembre de 2021.

El Alcalde.- Benigno Galego Castro.>>

O alcalde abre o debate indicando que se trata da aprobación do expediente para a licitación do contrato de cambio de alumbrado do concello a LED; para o que se obtivo unha subvención.

O concelleiro Alberto Rey Paz pregunta polos prazos da subvención.

O alcalde lle responde que no 2023 ten que estar executada. Sinala que é un proxecto bastante importante e que probablemente é o máis elevado economicamente que se licitou neste concello.



Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgasas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027
www.cerdido.es correo@cerdido.es

exp. 2021/G010/000008

Os membros do pleno en votación ordinaria e por unanimidade aprobaron a proposta anterior .

2. EXPEDIENTE DE SUPLEMENTO DE CRÉDITOS FINANCIADO CON REMANENTE DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS.

<<Expediente: 2021/G006/000030

Asunto: modificación de crédito modalidade suplemento de créditos financiado con Remanente Líquido de Tesourería para gastos xerais 2020.

PROPOSTA DE ALCALDÍA

No expediente da liquidación do orzamento de 2020, aprobado mediante resolución da Alcaldía nº 40/2021 do 02 de marzo de 2021, resultou unha cantidade de remanente de tesourería para gastos xerais por un total de **573.981,11 euros**.

No informe sobre estabilidade orzamentaria e outras magnitudes, emitido pola Secretaria-Interventora en data 2 de marzo de 2021, se conclúe o seguinte:

<<A liquidación do Presuposto do Concello de Cerdido do exercicio 2020

Cumpre co obxectivo de estabilidade presupostaria,

Cumpre co límite de débeda establecido

Non excede do Período Medio de Pagamento establecido>>

Dentro das primeiras finalidades do remanente de tesourería, temos como prioritarias, atender as obrigas pendentes de pago a 31 de decembro de 2020 e a redución do endebedamento neto. O concello de Cerdido non conta con préstamos nestes momentos e tampouco con obrigas pendentes de pago a 31 de decembro de 2020.


Os gastos para os que se propón a modificación, que non poden demorarse ata o exercicio seguinte e para os que é necesario incrementar o crédito no Presuposto (suplemento de créditos) son os que se sinalan deseguido:

PARTIDA	DENOMINACIÓN	IMPORTE (en €)	TIPO	DESCRICIÓN
231 22799	Outros traballos realizados por outras empresas. A.D	26.000,00	SC	Gasto pola prestación do servizo de axuda no fogar por empresa externa.
TOTAL		26.000,00		

Trátase de gastos relacionados coa prestación do servizo de axuda no fogar; servizo que non pode suspenderse polas prestacións que lle son propias (a atención a dependentes). A execución do orzamento ata este momento pon de manifesto a necesidade de incremento desta partida para poder garantir o pagamento das obrigas ata final de ano; sen que sexa posible demorar ata o exercizo seguinte, por tanto, este gasto.

Visto que o presente expediente finánciase mediante o Remanente Líquido de Tesouraría para gastos xerais derivado da Liquidación do Orzamento de 2020, por importe total de 26.000,00€.

Visto o informe favorable de Secretaría-Intervención de data 16 de novembro de 2021.



Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027
www.cerdido.es correo@cerdido.es

exp. 2021/G010/000008

Sobre a base de todo o exposto, propónse ao Pleno da Corporación, en virtude do disposto no artigo 9º das Bases de Execución do Orzamento, a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO. Aprobar provisionalmente o expediente de modificación orzamentaria, segundo o seguinte desglose:

MODIFICACIÓNS NO ESTADO DE GASTOS

PARTIDA	DENOMINACIÓN	IMPORTE (en €)	TIPO	DESCRICIÓN
231 22799	Outros traballos realizados por outras empresas. A.D	26.000,00	SC	Gasto pola prestación do servizo de axuda no fogar por empresa externa.
TOTAL		26.000,00		

MODIFICACIÓNS NO ESTADO DE INGRESOS

CONCEPTO	DENOMINACIÓN	IMPORTE (en €)
870.00	Remanente para financiamento de gastos xerais 2020	26.000,00

SEGUNDO. Que se expoña ao público polo prazo de 15 días hábiles, a efectos de reclamacións, de acordo co preceptuado no artigo 169.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

TERCEIRO. Que no suposto de non presentarse reclamacións contra o mesmo considerárase definitivamente aprobada a modificación, en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

Asinado dixitalmente polo Alcalde Benigno Galego Castro.>>>


O alcalde explica que agora que se está acabando o ano se vemos que os gastos do servizo de axuda non fogar por empresa teñen a partida bastante agotada e propónse un incremento.

O concelleiro Alberto Rey Paz pregunta se se ten un contrato anual coa empresa.

O alcalde responde que agora mesmo non hai contrato; que hai unha aceptación de prezo/hora pero acabouse o contrato e aínda non deu para tramitalo; estase neso.

Os membros do pleno en votación ordinaria e por unanimidade aprobaron a proposta anterior .

3. DECLARACIÓN INSTITUCIONAL APOIADA POLOS GRUPOS POLÍTICOS QUE FORMAN O CONCELLO DE CERDIDO.



Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgasas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027
www.cerdido.es correo@cerdido.es

exp. 2021/G010/000008

<<Exp. 2021/G006/000031

DECLARACIÓN INSTITUCIONAL APOIADA POLOS GRUPOS POLÍTICOS QUE FORMAN O CONCELLO DE CERDIDO

Tendo en conta os graves prexuízos que poden xerar os parques eólicos, e a súas infraestruturas de evacuación no Concello de Cerdido, propónse ao pleno a adopción do seguinte acordo:

DECLARACIÓN INSTITUCIONAL APOIADA POLOS GRUPOS POLÍTICOS QUE FORMAN O CONCELLO DE CERDIDO

O Concello de Cerdido rechaza de forma unánime, tanto os proxectos de parques eólicos presentados ata a data actual, Badulaque, Nordés e Balocas, como os que se poidan presentar de agora en diante e que afecten dalgún xeito a este Concello.

Si que defendemos o uso de enerxías limpas con a enerxía eólica pero non a calquera custe. Estas instalacións eólicas supoñen, polas súas dimensións e proximidade as vivendas illadas e núcleos de poboación, un gran prexuízo para os veciños e veciñas deste entorno rural: afectan negativamente a saúde e benestar da veciñanza, ao valor das propiedades rústicas e urbanas e supoñen un grave deterioro medioambiental e paisaxístico. Sen dúbida, contribuirían tamén a perda de poboación destas zonas, xa de por si en aumento.

Consideramos, dende este Concello, que os intereses privados destas grandes compañías eólicas non poden estar por riba do benestar das persoas, polo que estes proxectos non deben declararse de “interés xeral” como se pretende por parte das promotoras, para poder realizar expropiacións forzosas.

Instamos a que tanto o Goberno Central como a Xunta de Galicia paralicen este tipo de proxectos aplicando unha normativa ambiental máis restritiva, sobre todo no tocante as distancias de vivendas e núcleos de poboación.

Esta postura unánime e contundente vese tamén respaldada pola masiva presentación de alegacións a todos estes proxectos, máis de 400 presentadas polos veciños e veciñas deste Concello.


En Concello de Cerdido, asinado dixitalmente na data que figura ao marxe.>>

O alcalde toma a palabra para explicar que se trata da declaración institucional da que xa se falou no pleno ordinario de outubro e que foi consensuada.

Os membros do pleno en votación ordinaria e por unanimidade aprobaron a proposta anterior.

4. MODELO DE ALEGACIÓNS Ó PARQUE EÓLICO BALOCAS

<<Exp. 2021/G006/000032



Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027
www.cerdido.es correo@cerdido.es

exp. 2021/G010/000008

Modelo de alegacións ó Parque Eólico Balocas

Tendo en conta a previsible presentación de alegacións ao Anuncio da área de Industria e Enerxía da Delegación do Goberno en Galicia, polo que se somete a información pública o Estudo de Impacto Ambiental e a solicitude de Autorización Administrativa Previa do Parque Eólico Balocas de 65 MW e a súa infraestrutura de evacuación, na provincias da Coruña e Lugo. Código do proxecto: PEol-387. BOP número 209, do 3 de novembro de 2021, proponse ao pleno a aprobación do seguinte **acordo**:

Aprobar o seguinte modelo de alegacións que poderá presentar calquera interesado:

DELEGACIÓN DO GOBERNO EN GALICIA

Área de industria e Enerxía

Praza de Ourense, nº 11, A Coruña, C. P. 15003.

Asunto: Alegacións ao Anuncio da área de Industria e Enerxía da Delegación do Goberno en Galicia, polo que se somete a información pública o Estudo de Impacto Ambiental e a solicitude de Autorización Administrativa Previa do Parque Eólico Balocas de 65 MW e a súa infraestrutura de evacuación, na provincias da Coruña e Lugo. Código do proxecto: PEol-387. BOP número 209, do 3 de novembro de 2021.

Don/Dona

_____ con DNI. Número _____, con domicilio a efectos de notificacións en _____

_____, municipio de _____, provincia _____,

teléfono _____.


EXPÓN:

Á vista do Anuncio da área de Industria e Enerxía da Delegación do Goberno en Galicia, polo que se somete a información pública o Estudo de Impacto Ambiental e a solicitude de Autorización Administrativa Previa do Parque Eólico Balocas de 65 MW e a súa infraestrutura de evacuación, na provincias da Coruña e Lugo. Código do proxecto: PEol-387, BOP número 209, do 3 de novembro de 2021, por medio do presente escrito realiza as seguintes alegacións:

1.- FRAGMENTACIÓN DO PROXECTO INDUSTRIAL EÓLICO EN VARIOS PROXECTOS INDEPENDENTES. DIVISIÓN ARTIFICIOSA E FRAUDE DE LEI.

Está a vulnerarse por tanto de forma flagrante a normativa vixente e a de substraer da participación pública a avaliación ambiental conxunta da totalidade do proxecto industrial eólico.

2.-Vulneración flagrante da Directiva 92/43/CEE, relativa á Conservación de Hábitats Naturais e da Fauna e



Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgasas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027
www.cerdido.es correo@cerdido.es

exp. 2021/G010/000008

Flora Silvestre.

O proxecto afecta de maneira irreversible a lugares identitarios para a poboación e as familias que viven, residen e/ou traballan no ámbito xeográfico do parque e que resultan obviadas pola mercantil promotora:

Alto de Sete, Ou Outeiro, A Penela, Coto dá Forca, Cruz dúas Novás, Coto dá Cruz Encarnada, Pena Maior, Riazón, Ou Penón, Ou Castrillón, A Fraga, Monte de Ulfe, Coto de Riovello.etc.

Afección severa e prexuízos irreversibles para as Áreas de Interese paisaxístico (AEIP): AEIP Fraga dous Casás.

Afección severa a Miradoiros e Feísmo Paisaxístico: Miradoiro de Coto dá Forca, a escasos metros dos aeroxeradores.

Afección moi severa e prexuízos irreversibles para Itinerarios de Interese Paisaxístico: A promotora non avalía os impactos do proxecto sobre o turismo ornitolóxico, nin culturais nin paisaxísticos.

3.-Vulneración normativa: Lei 42/2007, do 13 de decembro , do Patrimonio Natural e da Biodiversidade. Artigo 46. Medidas de conservación da Rede Natura 2000.

O ZEPVN e ZEC Ortigueira-Mera crúzase pola LAT de evacuación do Parque Eólico Balocas.

A ZEPA Ortigueira-Mera atópase a unha distancia de 3,8 Km da LAT.

Ortigueira - Mera

Código ZEC S1110001

Rexión

Atlántica

Data declaración LIC

29 de decembro de 2004.Decisión da Comisión do 7 de decembro de 2004, pola que se aproba a lista de lugares de importancia comunitaria da rexión biogeográfica atlántica.

Data declaración ZEC

31 de marzo de 2014.Decreto 37/2014, do 27 de marzo de 2004, polo que se declaran zonas especiais de conservación os lugares de importancia comunitaria de Galicia e apróbase o Plan director da Rede Natura 2000 de Galicia.

Instrumentos de planificación


Plan director da Rede Natura 2000.Decreto 37/2014

Concellos

Cariño, Ortigueira, Cerdido, As Pontes de García Rodríguez, As Somozas.

Superficie

3.868 ha.



Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027
www.cerdido.es correo@cerdido.es

exp. 2021/G010/000008

Situación

No extremo norte da provincia da Coruña, pertencente ás comarcas de Ortegaleira e Ferrol.

Localidades de referencia: Santa Marta de Ortigueira, Cariño e Moeche e Cerdido.

4.-Afección moi severa e prexuízos significativos para os recursos hídricos. Vulneración flagrante do Directiva Marco da Auga (DMA). AUSENCIA DUN ESTUDO HIDROLÓXICO E HIDROXEOLOXICO QUE GARANTA A CALIDADE DAS MASAS DE AUGA SUPERFICIAIS E SOTERRADAS E A NON AFECCIÓN AOS ACUÍFEROS:

Valle fluvial do Río Mera, Rego de Riovello e os seus numerosos afluentes.

5.-Afección severa e irreversible ao benestar das familias que viven, residen e traballan nos núcleos rurais afectados:

Pena do Bico en Cerdido a 570 metros do aeróxerador BA-09

Noval en Cerdido a 519 metros do aeróxerador BA-10

Noval en Cerdido a 573 metros do aeróxerador BA-11

Barbas en Cerdido a 700 metros do aeróxerador BA-12

Riovello en Cerdido a 563 do aeróxerador BA-13.

En relación á LAT proxectada hai 52 núcleos de poboación a menos de 500 metros do seu trazado, resultando especialmente afectado a tan só 115 metros Fercoi, Seixidal, ..etc.

6.- VULNERACIÓN FLAGRANTE DA LEI 7/2012, DO 28 DE XUÑO DE MONTES DE GALICIA. ELIMINACIÓN DA MULTIFUNCIONALIDADE DO MONTE.

O uso predominante na área de afección do proxecto é o uso forestal e gandeiro. O monte é un sector estratéxico na economía galega que contribúe a mitigar o cambio


climático e á descarbonización da economía, aspecto non avaliado pola promotora. A promotora non avalía o impacto da estación eólica e as súas infraestruturas de evacuación sobre o benestar das familias dos núcleos habitados e o posible éxodo poboacional que se pode dar derivado da chea de estacións eólicas que hai no territorio e outras infraestruturas, que dificultan a vida no rural e a sustentabilidade e viabilidade das explotacións forestais e gandeiras

En virtude do anterior,

SOLICITA:

1.-O rexeitamento do Estudo de Impacto Ambiental e da solicitude de Autorización Administrativa Previa do Parque Eólico Balocas de 65 MW e a súa infraestruturas de evacuación, na provincias da Coruña e Lugo. Código do proxecto: PEol-387. BOP número 209, do 3 de novembro de 2021 e a súa retirada definitiva pola súa incompatibilidade cos valores ambientais e paisaxísticos presentes na área de afección do proxecto e a falta de licenza social. (fomentando o feito coñecido como despoboamento do rural ou España baleirada).

Cerdido, de de 2021



Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027
www.cerdido.es correo@cerdido.es

exp. 2021/G010/000008

Asinado .- _____

En Concello de Cerdido , asinado dixitalmente na data que figura ao marxe.>>

O concelleiro Alberto Rey Paz di que hai que facer referencia á afección ao Rego do Monte de Francoi, que non está.

A concelleira María Amalia Díaz Rodríguez móstrase de acordo ao dicir que igual é importante que se faga constar esa afección porque se fai máis forza ao facer referencia ao manancial que surte de auga á maior parte da Barqueira.

A concelleira anterior, fai referencia á afectación dun tipo de morcego.

O concelleiro Cándido Prieto Lago di que as asociacións ecolóxicas sempre fan referencia a este tipo de afeccións a especies animais e vexetais.

O alcalde toma a palabra para dicir que hai asociacións ecolóxicas que presentaron alegacións. Cre que para recoller esa alegación habería que contar con determinada información (número de rexistro da especie) que agora mesmo non se ten e que é mellor aprobar o modelo tal e como está coa inclusión da afección do manancial do Monte Francoi, como se acaba de falar.

Comprométese a poñerse en contacto coa asociación ecolóxica e, no caso de que non presente alegación nese sentido, poderíase facer dende o concello.

Os membros do pleno en votación ordinaria e por unanimidade aprobaron a proposta anterior coa inclusión no apartado cuarto da afección dos mananciais do Monte de Francoi.

Non habendo máis asuntos que tratar, cando son as 14:50 horas levántase a sesión, da que se estende a presente acta, da que eu, secretaria, dou fe.

A secretaria, M^a Yolanda Ares Bao

O alcalde, Benigno Galego Castro